“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 63743 e publicada no BOPG número 491, de data 16/06/2011; á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar polo Pleno- nº **63773**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Sonia Verdes Gil, sobre **“os motivos polos que a Consellería do Medio Rural ten previsto pechar a Aula da Natureza de Campa de Fieiró-Degrada, no concello de Cervantes”**, (publicada no BOPG nº 453, do 18 de abril de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG nº 512, do 26 de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería non ten previsto pechar a aula da natureza de Campa no Concello de Cervantes.

A Consellería mantíña un contrato por dous anos para a xestión da aula coa empresa SEAS S.L. dende o ano 2007 prorrogado ata abril de 2011, polo tanto non ten relación laboral cos/coas traballadores/as do centro. Actualmente estase a tramitar un novo contrato para a xestión da aula.”



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar polo Pleno nº **64692**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Beatriz Sestayo Doce e varios/as deputados/as máis, sobre **“a demora no pagamento das nóminas ao persoal funcionario da Administración galega de xustiza”**, (publicada no BOPG nº 467, do 10 de maio de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG nº 512, do 26 de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A nómina dos funcionarios devéngase por meses naturais, aínda que existe o costume do seu pago antes do devengo final do mes.

Dende hai uns meses o Estado atrasou o pago da segunda parte da PIE das CCAA, xerando un problema operativo.

Igualmente no mes de abril produciuse un problema operativo nunha das entidades financeiras colaboradoras, que non tramitou en tempo e forma o fichero EDITRAN co pago de determinados centros. Este problema é totalmente puntual e non debe repetirse.”



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar polo Pleno- nº **64869**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Sonia Verdes Gil, sobre **“as políticas postas en marcha polo Goberno galego para o monte e os resultados económicos acadados no sector forestal, no subsector da silvicultura e da madeira”**, (publicada no BOPG nº 473, do 19 de maio de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG nº 512, do 26 de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Aínda que o sector forestal abarca todas as producións do monte, para o subsector da silvicultura e madeira hai que sinalar:

Consonte o informe anual de resultados da Industria da Madeira de Galicia, elaborado polo conxunto de asociacións da transformación da madeira galegas, salientase que no ano 2010 a industria da madeira freea a caída do ano 2009 e se comeza a recuperar a actividade, producíndose un incremento de facturación e de volume de aproveitamentos.

A valoración que fai a Consellería do Medio Rural é dun moderado optimismo, tendo ben presente o escenario actual condicionado pola actual crise económica dentro dun mercado da madeira moi internacionalizado do que o sector forestal galego non é alleo.”



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno nº **65320**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María José Caride Estévez e varios/as deputados/as máis, sobre **"o prazo medio de pagamento das facturas da Xunta de Galicia a 31 de marzo de 2011"**, (publicada no BOPG nº 485, do 7 de xuño de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG nº 512, do 26 de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

"En relación ao prazo medio de pago da Xunta de Galicia a 31 de marzo de 2011 cómpre salientar que no sistema electrónico de facturación tramítanse practicamente a totalidade das facturas das que é destinataria a Xunta de Galicia, e que polo tanto inclúen as facturas dos gastos correntes e investimentos.

Unha das principais vantaxes deste sistema é que permite dispoñer duns informes estatísticos para coñecer información de vital importancia tal e como é o tempo medio de pagamento das facturas, o grao de utilización do sistema polos provedores e o número de facturas electrónicas que recibiu a Xunta de Galicia dende que se implantou este sistema.

Pero sen dúbida o éxito máis importante acadado é poder dar reposta as inquietudes dos nosos provedores, posto que cómpre lembrar como o Sistema Electrónico de Facturación é accesible as 24 horas do día e os 365 días do ano, permitindo centralizar as facturas nun punto único de acceso,



consultar o seu estado de tramitación gañando así en transparencia. Fixa tamén un novo procedemento moito máis transparente que permite axilizar o pagamento daquelas, superando con creces os requirimentos legais.

Para o ano 2011, a Lei 15/2010 establece a obriga de pagar as facturas emitidas no ano 2011 nun prazo máximo de 50 días.

Dos datos que figuran no Sistema Electrónico de Facturación, a data 31 de marzo de 2011 o tempo medio de pagamento é de 33,55 días.

Polo tanto o Sistema Electrónico de Facturación permite coñecer agora un dato tan relevante como é o tempo medio de pagamento cuxo coñecemento non era posible antes do ano 2010. Pero ademais permítenos asegurar o cumprimento do compromiso asumido por este Goberno de pagar as facturas nun prazo máximo de 45 días."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- nº **55798**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago, sobre **"o motivo, o custo e partida orzamentaria coa que se costeou a campaña publicitaria levada a cabo polo Goberno galego en diversos medios de comunicación durante o mes de decembro de 2010, en relación á sanidade pública"**, (publicada no BOPG nº 382, do 28 de decembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Entendemos que a participación e implicación do cidadán é imprescindible para a mellora do funcionamento do sistema sanitario. E para iso a información é fundamental. Todos debemos sentirnos responsables da sanidade pública, e contribuír a súa sostenibilidade.

Esta campaña é unha iniciativa máis entre as múltiples postas en marcha, tal e como explicou a Conselleira en resposta á pregunta 55799 -do mesmo tema e autoría- ao contestala na sesión Plenaria celebrada os días 8-9/02/2011. Remitímonos ao alí exposto."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mv

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

02 SET. 2011

Núm. 69385

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

31 A60. 2011

SAIDA

Núm. 8496

En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 5ª- nº **55909**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Lage Tuñas, sobre **“o custo da campaña publicitaria da Xunta de Galicia referida á sanidade pública, denominada Fai un uso responsable dela”**, (publicada no BOPG nº 382, do 28 de decembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O importe de licitación da campaña foi de 865.000 euros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 5ª- nº **56218**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e don Modesto Pose Mesura, sobre **“os gastos realizados pola Consellería de Sanidade, así como pola fundación pública Centro de transfusión de Galicia en campañas de publicidade nos anos 2009 e 2010, a selección dos temas e xornais escollidos e os datos relativos á contratación das empresas para levalas a cabo”**, (publicada no BOPG nº 382, do 28 de decembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información sobre as licitacións realizadas pode atoparse na páxina web www.sergas.es/empresa/busca de expedientes.

Por outra parte, en canto ao resto dos contratos, no ano 2009 o gasto en publicidade ascendeu a 325.600,90 €, dos cales 322.680,21 € corresponden a gasto comprometido pola anterior Dirección da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia, o 99,07% do gasto en publicidade do ano 2009.

No ano 2010 o gasto en publicidade ascendeu a 161.057,70 € dos cales 26.354,21 € corresponden a gasto comprometido pola anterior Dirección da Fundación e 134.703,49 € a gasto comprometido por esta actual Dirección.



Os gastos de publicidade anuais comprometidos no ano 2010, pola actual Dirección, reducíronse nun 58% con respecto ós gastos anuais de etapas anteriores.

O tema a publicitar vén dado polos estatutos da fundación, ao establecer no seu artigo 6, como obxecto da mesma, calquera outra actividade tendente á planificación, coordinación e mellora da actividade relacionada coa captación de doantes no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Dirección, a proposta da Unidade de Promoción, que é a responsable das campañas de captación de doazóns de sangue e elaboración de material divulgativo e informativo, así como de medir a efectividade de cada unha das actuacións desenvolvidas en aras á promoción do acto altruísta de 'doar sangue', selecciona os medios nos que se van a desenvolver as campañas divulgativas e informativas.

A distribución sociodemográfica de Galicia, que conta con máis da metade dos núcleos de poboación existente en toda España, fai que contar cos medios de comunicación social sexa unha necesidade para os centros comunitarios de transfusión, que poden utilizar estes medios para promover campañas informativas en toda a xeografía galega e dar a coñecer aos cidadáns a necesidade de participar activamente doando sangue.

Deste xeito, a unidade de promoción de doazón de sangue do Centro de Transfusión de Galicia, pon en funcionamento campañas de publicidade en medios de comunicación, como xeito de potenciar o chamamento á poboación galega para incentivar a súa participación.

A estas campañas en medios de comunicación súmanse as charlas e conferencias sobre a doazón de sangue, nas que esta unidade busca a colaboración dos membros das diferentes corporacións municipais, universidades, centros de educación secundaria, asociacións culturais, deportivas, de veciños, amas de casa, consumidores, forzas de seguridade do Estado, empresarios, e demais grupos sociais que puidesen contribuír a



información xerada a través de material divulgativo (carteis, trípticos, monípticos...)

Achégase relación de empresas encargadas da realización das campañas divulgativas e informativas da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia:

MEDIOS
ARTAI (TVG)
COMPARTE (DISEÑO E TELEVIGO)
MEDIAGES (ESPACIO EXTERIOR)
PLANOS (EXPACIO EXTERIOR)
OIA (IMPRENTA)
TORCULO (IMPRENTA)
CENTRO SERVICIOS EMPRESARIALES (ONDA CERO, RADIO VOZ, RADIO GALEGA)
SER GALICIA
RADIO CORUÑA SER
RADIO PRINCIPAL
RADIO LUGO SER
RADIO FUSIÓN
RADIO OURENSE SER
RADIO PONTEVEDRA SER
RADIO VIGO SER
RADIO MARCA
COPE GALICIA
UNIDAD EDITORIAL
EDITORIAL LA CAPITAL
EDITORIAL COMPOSTELA
LA REGIÓN
EL PROGRESO."



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 5ª- nº **56266**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e don Henrique Viéitez Alonso, sobre **“a valoración e as actuacións levadas a cabo e previstas pola Secretaría Xeral da Igualdade en relación coa situación dunha traballadora dunha empresa de transportes por querer exercer os dereitos de conciliación após da súa maternidade”**, (publicada no BOPG nº 382, do 28 de decembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“En relación a situación sufrida pola traballadora de empresa ‘Autobuses de Calo’ dende a Consellería de Traballo e Benestar valoramos negativamente calquera situación de discriminación no traballo, ben sexa por razóns de xénero ou por calquera outra causa, entendendo que a igualdade de xénero no traballo é unha cuestión fundamental no ámbito laboral.

Esta Consellería ten demostrado o seu compromiso coa igualdade de xénero e non discriminación en moitas ocasión, tanto no desenvolvemento de programas específicos (apoio a realizacións de plans de igualdade nas empresas, formación de mulleres directivas, etc) como nos órganos existentes (unidade de igualdade, marca igualdade no traballo, etc.).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación co caso particular sinalado, por parte da Consellería de Traballo recibíuse aos representantes sindicais da empresa co obxectivo de establecer vías de acordo, intervindo tamén o Consello Galego de Relacións Laborais e chegando a un acordo entre a empresa e a traballadora que xa foi incorporada ao seu posto de traballo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García




Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 56849**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago, sobre **"os problemas existentes na implatación da e-receita e a súa resolución"**, (publicada no BOPG nº 397, do 27 de xaneiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"En abril de 2009 apenas 26 centros de saúde tiñan receita electrónica. A finais do 2010, máis de 440, que cobren o 98,4% da poboación.

A día de hoxe a práctica totalidade dos centros teñen acceso á receita electrónica sen impresión de papel."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 57263**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Sonia Verdes Gil, e varios/as deputados/as máis sobre **“os prazos previstos polo Goberno galego para a aprobación dunha nova lei de caza, os cambios normativos que se van introducir nela, nomeadamente para compensar os danos que provocan os ataques da fauna salvaxe, así como respecto das obrigas e responsabilidades das sociedades de caza e dos tecor, e as actuacións que se están a levar a cabo para acadar o consenso do sector”**, (publicada no BOPG nº 397, do 27 de xaneiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“No tempo transcurrido dende a aprobación da Lei 4/1997, de caza de Galicia, téñense producido cambios substanciais na forma de pensar da sociedade, na poboación rural e, posiblemente o máis importante, na evolución das explotacións agrarias e como consecuencia das poboacións das especies cinexéticas de Galicia.

Neste tempo foi calando na sociedade galega o pensamento conservacionista de xeito que hoxe en día ninguén dubida de que calquera aproveitamento




cinexético que se faga ten que ser con criterios de sostenibilidade, e isto tamén é moito mais asumido polo colectivo de cazadores actual que no 1997.

Todos estes cambios fan que sexa necesario introducir modificacións no articulado dela, axustando aqueles aspectos máis ambiguos ou que teñan sufrido un cambio máis importante neste tempo, tales coma á acción de cazar e as actividades previas á mesma; o tema da propiedade do terreo e as cesións dos dereitos cinexéticos; a clasificación dos terreos en cinexéticos e non cinexéticos; os vedados de caza e a súa función; os deberes do cazador e as medidas de seguridade nas cacerías, dado o maior uso de armas de caza maior; a ordenación dos aproveitamentos máis axustados ás novas normativas ambientais e a nova estrutura dos cazadores nas sociedades titulares dos tecores; o problema dos danos xerados pola fauna salvaxe; a representación de toda a sociedade nos órganos de consulta da Administración, e as infraccións e sancións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 57807**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago, sobre **"a posta en funcionamento do catálogo galego de medicamentos, incluído na Lei 12/2010, do 22 de decembro, de racionalización do gasto na prestación farmacéutica da Comunidade Autónoma de Galicia"**, (publicada no BOPG nº 401, do 2 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Mantivéronse reunións e conversas dende case un mes antes do inicio do funcionamento do catálogo priorizado de produtos farmacéuticos para informar dos grupos de medicamentos afectados polo catálogo, axustar os programas de xestión de farmacia á nova situación, escoitar as súas necesidades e incidencias e solventar calquera dúbida en relación coa posta en marcha do catálogo.

A posta en marcha do catálogo priorizado de produtos farmacéuticos a partir do 3 de xaneiro de 2011 na Comunidade Autónoma de Galicia tivo lugar sen incidencias relevantes.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


En todo momento mantívose a comunicación cos Colexios Oficiais de Farmacéuticos de Galicia e cos almacéns de distribución dos medicamentos para ter constancia de se se producía algún problema na dispoñibilidade dalgún medicamento co fin de tomar as medidas oportunas.

Por outra banda, aos profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde infórmoselles da dispoñibilidade dun teléfono e correo electrónico de asistencia técnica nas dúbidas do funcionamento do programa informático, e o buzón de correo electrónico das unidades de apoio á prescripción para consultar calquera incidencia relacionada con temas técnico farmacéuticos e de incidencias cos pacientes.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 57827**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don Antonio Rodríguez Miranda, e varios/as deputados/as máis sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para acadar unha mellor eficiencia enerxética e as súas repercusións económicas, as actuacións que está a levar a cabo para a supresión do papel na publicación do Diario Oficial de Galicia e os cambios normativos previstos na regulación do parque móbil da Xunta de Galicia”**, (publicada no BOPG nº 401, do 2 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A intensa crise económica pon de relevo a necesidade de primar, se cabe con máis determinación, un dos principios esenciais que rexen o funcionamento e organización das Administracións: a eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Dende o arranque da lexislatura, o Goberno galego ven impulsando distintas iniciativas centradas na austeridade, a eficacia e a eficiencia no funcionamento interno da Administración autonómica.



Na súa condición de órgano encargado de xestionar os gastos correntes relativos aos grandes complexos administrativos, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten entre os seus obxectivos a posta en marcha de medidas de aforro e eficiencia enerxética nestas instalacións públicas, co obxectivo de garantir o máximo rendemento e optimización da enerxía consumida, para minorar o gasto público final.

Entre as actuacións levadas a cabo o pasado ano destaca a negociación e renovación nunhas condicións máis vantaxosas dos contratos de enerxía eléctrica. Igualmente, procedeuse á adxudicación dun novo contrato de mantemento dos edificios administrativos da Xunta que unificou distintos servizos, superando así a dispersión contractual anterior e promovendo economías de escala, cun aforro anual nos custos de mantemento de 600.000 euros.

Cómpre salientar, ademais, a posta en marcha de distintas iniciativas de eficiencia e control enerxético no complexo administrativo de San Caetano, que se irán estendendo progresivamente aos restantes edificios administrativos, como son:

- A modificación de horarios de alumeado en corredores e zonas comúns.
- A instalación de interruptores crepusculares para apagado en zonas de uso común en función do nivel de luminosidade exterior.
- A colocación de reloxos programadores de apagado automático por horario.
- Análise da posibilidade de renovación da tecnoloxía fluorescente por led en distintas dependencias.
- En materia de alumeado exterior, introducíronse medidas de eficiencia que permiten discriminar o acendido a través de circuitos independentes para os distintos puntos de luz.



Entre as actuacións previstas a curto prazo destaca a constitución da Comisión Mixta de Seguimento do acordo marco de colaboración entre o INEGA e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para a coordinación de actuacións en materia de aforro e eficiencia enerxética e de desenvolvemento de enerxías renovables. Esta Comisión actuará como órgano de planificación e información sobre as necesidades dos proxectos a realizar, impulsará actuacións concretas e realizará o seguimento sobre os resultados das mesmas.

Sen dúbida, outra das liñas de aforro que inciden na modernización da administración autonómica e no respecto ao medio ambiente é a relativa á supresión do papel mediante a dixitalización do Diario Oficial de Galicia.

A aposta pola edición electrónica do DOG repórtalle ás arcas da Comunidade un aforro en torno ao medio millón de euros, respecto ao custo do contrato no ano 2010, e de 1 millón e 1,2 millóns en relación aos anos 2009 e 2008, respectivamente.

Cómpre sinalar que xa durante o ano 2010, de acordo cos criterios de austeridade e economía que inspiran a actuación do Goberno galego, iniciouse o camiño para avanzar na progresiva dixitalización do DOG. Así, a modificación do contrato vixente permitiu adecuar a prestación do servizo á demanda real de número de exemplares e ao custo derivado da tirada, cun aforro nese exercicio de 700.000 euros respecto ao ano 2008.

O novo formato garante, en definitiva, un servizo público universal, de consulta gratuíta e libre acceso a través da rede, sen límites temporais nin territoriais, e supón a simplificación dos procesos de produción, a redución dos tempos de edición e a racionalización do seu gasto, ao suprimir custos superfluos.

Na senda de contención do gasto impulsada polo Goberno galego, a xestión do parque móbil da Xunta de Galicia ocupa tamén un lugar central, erixíndose



na actualidade nun exemplo de racionalidade e estruturación nunca antes realizado na historia da Autonomía galega.

Este impulso queda reflectido na posta en marcha e execución do Plan de Reestruturación do Parque Móbil, aprobado no Consello da Xunta o 11 de setembro de 2009.

En efecto, o devandito plan constitúe unha das primeiras medidas activadas polo Goberno galego, en liña coas prioridades do actual contexto económico e coas premisas do que debe ser unha Administración Pública verdadeiramente eficaz, eficiente e transparente.

Como é ben sabido, os obxectivos deste proxecto céntranse na racionalización dos servizos do parque móbil, a redución dos custos de funcionamento, o avance na calidade da prestación aos seus usuarios, así como na mellora das condicións de traballo do colectivo de condutores.

O nivel de execución do plan está a superar os obxectivos inicialmente previstos. Así, dende o inicio da lexislatura ata maio de 2011, o gasto na xestión do parque automobilístico da Xunta tense reducido – con respecto ao rexistrado no período inmediatamente anterior – en 1,4 millóns de euros, en conceptos diversos como aforros en peaxes, combustible, rodas, reparacións ou seguros, entre outros.

Na aposta polo máximo aproveitamento das unidades dispoñibles, cómpre destacar a inclusión das notificacións xudiciais entre os servizos realizados na actualidade polos efectivos do parque, medida que produciu un importante aforro en facturas de taxi. Outra das medidas implementadas foi a relativa á reasignación dos condutores en base ao criterio de proximidade, o que supuxo tamén unha clara redución nos desprazamentos.

É por iso que na actualidade a xestión do Parque Móbil da Xunta está presidida pola disciplina no gasto, o aproveitamento e uso responsable dos




recursos dispoñibles, e os principios de transparencia e dignidade no exercicio da acción pública.

Finalmente, cómpre sinalar que a normativa actual do Parque Móbil da Xunta de Galicia está constituída polo Decreto 327/1994, do 3 de novembro, polo que se regulan os servizos automobilísticos da Xunta de Galicia, desenvolvido pola Orde do 23 de novembro de 1994. O tempo transcorrido desde a súa promulgación aconsella adecuar a regulación desta materia ás novas realidades e circunstancias que concorren no funcionamento diario da administración, polo que o Goberno galego non descarta emprender un proceso de actualización normativa neste campo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 57829**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don Antonio Rodríguez Miranda, e varios/as deputados/as máis sobre **"a valoración das medias adoptadas polo actual Goberno galego no seo do parque móbil da Xunta de Galicia, os resultados obtidos e os cambios normativos previstos na súa regulación"**, (publicada no BOPG nº 401, do 2 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

"A intensa crise económica pon de relevo a necesidade de primar, se cabe con máis determinación, un dos principios esenciais que rexen o funcionamento e organización das Administracións: a eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Dende o arranque da lexislatura, o Goberno galego ven impulsando distintas iniciativas centradas na austeridade, a eficacia e a eficiencia no funcionamento interno da Administración autonómica.

Na súa condición de órgano encargado de xestionar os gastos correntes relativos aos grandes complexos administrativos, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten entre os seus obxectivos a



posta en marcha de medidas de aforro e eficiencia enerxética nestas instalacións públicas, co obxectivo de garantir o máximo rendemento e optimización da enerxía consumida, para minorar o gasto público final.

Entre as actuacións levadas a cabo o pasado ano destaca a negociación e renovación nunhas condicións máis vantaxosas dos contratos de enerxía eléctrica. Igualmente, procedeuse á adxudicación dun novo contrato de mantemento dos edificios administrativos da Xunta que unificou distintos servizos, superando así a dispersión contractual anterior e promovendo economías de escala, cun aforro anual nos custos de mantemento de 600.000 euros.

Cómpre salientar, ademais, a posta en marcha de distintas iniciativas de eficiencia e control enerxético no complexo administrativo de San Caetano, que se irán estendendo progresivamente aos restantes edificios administrativos, como son:

- A modificación de horarios de alumeado en corredores e zonas comúns.
- A instalación de interruptores crepusculares para apagado en zonas de uso común en función do nivel de luminosidade exterior.
- A colocación de reloxos programadores de apagado automático por horario.
- Análise da posibilidade de renovación da tecnoloxía fluorescente por led en distintas dependencias.
- En materia de alumeado exterior, introducíronse medidas de eficiencia que permiten discriminar o acendido a través de circuitos independentes para os distintos puntos de luz.



Entre as actuacións previstas a curto prazo destaca a constitución da Comisión Mixta de Seguimento do acordo marco de colaboración entre o INEGA e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para a coordinación de actuacións en materia de aforro e eficiencia enerxética e de desenvolvemento de enerxías renovables. Esta Comisión actuará como órgano de planificación e información sobre as necesidades dos proxectos a realizar, impulsará actuacións concretas e realizará o seguimento sobre os resultados das mesmas.

Sen dúbida, outra das liñas de aforro que inciden na modernización da administración autonómica e no respecto ao medio ambiente é a relativa á supresión do papel mediante a dixitalización do Diario Oficial de Galicia.

A aposta pola edición electrónica do DOG repórtalle ás arcas da Comunidade un aforro en torno ao medio millón de euros, respecto ao custo do contrato no ano 2010, e de 1 millón e 1,2 millóns en relación aos anos 2009 e 2008, respectivamente.

Cómpre sinalar que xa durante o ano 2010, de acordo cos criterios de austeridade e economía que inspiran a actuación do Goberno galego, iniciouse o camiño para avanzar na progresiva dixitalización do DOG. Así, a modificación do contrato vixente permitiu adecuar a prestación do servizo á demanda real de número de exemplares e ao custo derivado da tirada, cun aforro nese exercicio de 700.000 euros respecto ao ano 2008.

O novo formato garante, en definitiva, un servizo público universal, de consulta gratuíta e libre acceso a través da rede, sen límites temporais nin territoriais, e supón a simplificación dos procesos de produción, a redución dos tempos de edición e a racionalización do seu gasto, ao suprimir custos superfluos.

Na senda de contención do gasto impulsada polo Goberno galego, a xestión do parque móbil da Xunta de Galicia ocupa tamén un lugar central, erixíndose



na actualidade nun exemplo de racionalidade e estruturación nunca antes realizado na historia da Autonomía galega.

Este impulso queda reflectido na posta en marcha e execución do Plan de Reestruturación do Parque Móbil, aprobado no Consello da Xunta o 11 de setembro de 2009.

En efecto, o devandito plan constitúe unha das primeiras medidas activadas polo Goberno galego, en liña coas prioridades do actual contexto económico e coas premisas do que debe ser unha Administración Pública verdadeiramente eficaz, eficiente e transparente.

Como é ben sabido, os obxectivos deste proxecto céntranse na racionalización dos servizos do parque móbil, a redución dos custos de funcionamento, o avance na calidade da prestación aos seus usuarios, así como na mellora das condicións de traballo do colectivo de condutores.

O nivel de execución do plan está a superar os obxectivos inicialmente previstos. Así, dende o inicio da lexislatura ata maio de 2011, o gasto na xestión do parque automobilístico da Xunta tense reducido – con respecto ao rexistrado no período inmediatamente anterior – en 1,4 millóns de euros, en conceptos diversos como aforros en peaxes, combustible, rodas, reparacións ou seguros, entre outros.

Na aposta polo máximo aproveitamento das unidades dispoñibles, cómpre destacar a inclusión das notificacións xudiciais entre os servizos realizados na actualidade polos efectivos do parque, medida que produciu un importante aforro en facturas de taxi. Outra das medidas implementadas foi a relativa á reasignación dos condutores en base ao criterio de proximidade, o que supuxo tamén unha clara redución nos desprazamentos.

É por iso que na actualidade a xestión do Parque Móbil da Xunta está presidida pola disciplina no gasto, o aproveitamento e uso responsable dos



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


recursos dispoñibles, e os principios de transparencia e dignidade no exercicio da acción pública.

Finalmente, cómpre sinalar que a normativa actual do Parque Móbil da Xunta de Galicia está constituída polo Decreto 327/1994, do 3 de novembro, polo que se regulan os servizos automobilísticos da Xunta de Galicia, desenvolvido pola Orde do 23 de novembro de 1994. O tempo transcorrido desde a súa promulgación aconsella adecuar a regulación desta materia ás novas realidades e circunstancias que concorren no funcionamento diario da administración, polo que o Goberno galego non descarta emprender un proceso de actualización normativa neste campo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 58216**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Gallego Calvar, e varios/as deputados/as máis sobre **“o incumprimento polo Goberno galego do prazo establecido nas normativas comunitarias para a aprobación dos plans de ordenación dos lugares de interese comunitario, LIC, da rexión atlántica, na que se atopa a meirande parte da Rede Natura 2000 galega, a situación das propostas de ampliación desta, de novos LIC, e os seus plans, e as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG nº 406, do 9 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Con data 20 de xuño de 2011 publicouse no DOG o inicio do procedemento de participación pública do plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, tramite inicial para a aprobación do documento que servirá de plan de xestión dos espazos da rede Natura 2000 de Galicia.

O retraso que sufriron durante o goberno bipartito a aprobación dos plans de xestión, e a ampliación da RN2000, que terían que haberse impulsado a partires do 2005, tivo como consecuencia que ata o inicio desta lexislatura non se iniciara procedemento algún para dar cumprimento ás prescricións comunitarias.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

A Xunta ten en conta neste proceso que é necesario dispor de plans axustados e adaptados tanto, aos compromisos coa Unión Europea, como tamén a realidade socioeconómica, territorial e ambiental de Galicia. Neste senso a Xunta de Galicia iniciará a tramitación da proposta de ampliación da Rede Natura 2000 antes de rematar o ano 2011, tal como se aprobou no Parlamento de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 58369**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos Ignacio Aymerich Cano e dona Ana Luisa Bouza Santiago, sobre **"a situación das listas de espera, en decembro de 2010, en atención especializada na Coruña"**, (publicada no BOPG nº 406, do 9 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Todos os pacientes están rexistrados dende o momento da solicitude, e contabilízanse no cálculo de espera media. As melloras no funcionamento do sistema conséguense a través da utilización das vantaxes que ofrecen as novas tecnoloxías, da implantación de vías rápidas e consultas de alta resolución, co aumento da capacidade resolutiva de atención primaria, e a través da xestión clínica e xestión por procesos.

Os datos de espera están publicados na páxina web do sergas, con periodicidade trimestral, e segundo a normativa vixente."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García




Excmá. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 58389**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia para mellorar e ampliar a información relativa ás listas de espera na sanidade pública galega, así como para reducir os tempos de espera nela, os datos ao respecto e as reclamacións recibidas no ano 2010 en atención especializada"**, (publicada no BOPG nº 406, do 9 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información sobre listas de espera publícase trimestralmente na páxina web do SERGAS. Dende o inicio da lexislatura o compromiso da Consellería de Sanidade foi de xestionar as listas de espera con criterios de priorización homoxéneos, baseados fundamentalmente na gravidade da patoloxía dos pacientes, e asegurar que todos os pacientes estén rexistrados, tanto os que xa teñen data de cita como aqueles que está a espera da súa notificación. Estes últimos atópanse incluídos en axendas dinámicas, e incluídos nos cálculos de tempos medios de espera de lista estrutural."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 58419**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Gallego Calvar, e varios/as deputados/as máis sobre **“a xustificación do Goberno galego da diminución para o ano 2011 dos orzamentos en materia de conservación da natureza e as actuacións previstas para darlles prioridade aos parques naturais, aos espazos protexidos e á erradicación das especies invasoras na súa política de medio ambiente”**, (publicada no BOPG nº 406, do 9 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A situación de crise ten unha repercusión directa nos recursos públicos dispoñibles e incide directamente nos investimentos e nas políticas públicas. A ordenación da actividade económica xeral corresponde o Goberno da nación.

Non se escapa a ninguén a diminución dos orzamentos da Xunta de Galicia, que son como os de Estado, os das outras CCAA, ou os da Administración Local, claramente menores que en períodos anteriores.

Nestes tempos foi necesario deseñar una estratexia obtención de recursos para investimentos que non so teña en conta os orzamentos ordinarios, senón outros de carácter extraordinario, de xeito que se manteña e incluso se incremente a capacidade de actuar en materia de conservación da natureza.



Neste sentido a CMR ten subscrito un convenio de colaboración co Ministerio de Medio Ambiente Rural e Mariño para o período 2010-2014 que esta encamiñado a no contexto FEDER a creación e mellora de infraestruturas e conservación da biodiversidade e patrimonio natural.

Nos Parques naturais, no Parque nacional e no resto dos ENP desenvólvese unha importante actividade que ten como referencia estes obxectivos:

1. Rematar os instrumentos de planificación e xestión que levan un importante retraso.
2. Desenvolver as infraestruturas e equipamentos de uso público necesarios e proporcionar os servizos a visitantes e á poboación
3. Desenvolver os programas de restauración e mantemento en un estado de conservación favorable da biodiversidade e dos seus compoñentes.

Desenvolver ferramentas encamiñadas á promoción socioeconómica das áreas de influencia dos Parques naturais e nacional.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2011

O director Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 59053**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago, sobre **"o número de centros de saúde do medio rural galego que están a utilizar provisionalmente o sistema intermedio previo á receita electrónica, os doentes afectados por esta situación, así como o prazo e as actuacións previstas polo Goberno galego para resolvela"**, (publicada no BOPG nº 411, do 16 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"En abril de 2009 apenas 26 centros de saúde tiñan receita electrónica. A finais do 2010, máis de 440, que cobren o 98,4% da poboación.

A día de hoxe a práctica totalidade dos centros teñen acceso á receita electrónica sen impresión de papel."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mv

69384

En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 5ª- nº **59815**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Beatriz Sestayo Doce e dona Sonia Verdes Gil, sobre **“o estado de tramitación do expediente de construción dunha nova escola infantil no concello de Vilalba, a dotación e a partida orzamentarias destinadas para este fin e os prazos previstos ao respecto”**, (publicada no BOPG nº 416, do 23 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“A información requirida nesta iniciativa xa foi ofrecida no Parlamento ao darlle resposta á pregunta número 59814 (do mesmo tema e autoría), na sesión plenaria celebrada o 3-4/05/2011. Remitímonos ao alí exposto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 59849**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago, sobre **"a consulta de pediatría nos centros de saúde de Cerdido e San Sadurniño e as previsións do Goberno galego ao respecto"**, (publicada no BOPG nº 416, do 23 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O exposto é consecuencia da baixa médica da pediatra do Servizo de Atención Primaria de San Sadurniño, que pasa consulta diariamente no Centro de Saúde de San Sadurniño e desprázase media mañá aos concellos de Moeche, As Somozas e Cerdido para facer as revisións programadas. Para minimizar os efectos desta baixa, e ante a imposibilidade da cobertura total da ausencia, habilitáronse tres días de consulta no Centro de Saúde de San Sadurniño, onde se atende toda a demanda. Non houbo ningún problema asistencial.

Como queira que a pediatra non ten comunicado data de incorporación e unha vez finalizado o período vacacional de Nadal, dende o día 5 de febreiro o servizo volveu á situación normal."



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 59856**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **"a situación das revisións xinecolóxicas realizadas na sanidade pública galega"**, (publicada no BOPG nº 416, do 23 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A evidencia científica actual só recomenda ofertar a citoloxía para o diagnóstico precoz de cancro de cervix para mulleres sás, que pode e debe facerse en atención primaria polos médicos de familia e/ou matronas. Desta forma facilitarase a accesibilidade e evítanse desprazamentos innecesarios.

O cribado de cancro de mama realízase a través do Programa galego de detección precoz do cancro de mama."



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 5ª- nº **59979**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Belén Fraga Santos e varios/as deputados/as máis, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha do Consello Galego de Participación das Mulleres no Ámbito do Emprego e das Relacións Laborais, establecido na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia”**, (publicada no BOPG nº 421, do 2 de marzo de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“O Consello Galego de Participación das Mulleres no Emprego e as Relacións Laborais, está contemplado no Título VII da Lei 2/2007, de 28 de marzo, de igualdade no traballo das mulleres de Galicia e no Capítulo I do Decreto 181/2008, do 24 de xullo, polo que se regula o citado Órgano e a integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais (Capítulo II).

No artigo 52.3 da nomeada Lei 2/2007 e na disposición adicional quinta do citado Decreto 181/2008, ambas as dúas normativas aprobadas polo Goberno bipartito, indícase que, no suposto da creación dun Consello Galego das Mulleres por parte da Administración Autonómica competente en materia de igualdade, o previsto Consello de Participación das Mulleres no ámbito do Emprego e as Relacións Laborais, se integraría no anterior.



Nestes momentos, a Secretaría Xeral da Igualdade ten elaborado un Decreto, agora en fase de tramitación, que inclúe a constitución do citado Consello Galego das Mulleres, en desenvolvemento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Ante a previsión da constitución dese Órgano de participación das mulleres non ten sentido desenvolver duplicidades que, ao tratar paralelamente a mesma temática, incrementarían un gasto de recursos humanos e orzamentarios e que serían contrarias á eficacia e á eficiencia das actuacións a acometer no desenvolvemento das políticas públicas no eido da igualdade de oportunidades e de trato.

Como xa se contestou anteriormente o órgano que se vai poñer en marcha é o Consello Galego das Mulleres que integra as funcións do Consello Galego de Participación das Mulleres no Emprego e as Relacións Laborais, en cumprimento da normativa que regula estes entes.

Neste momento, temos que centrarnos no Consello Galego das Mulleres que se vai poñer en funcionamento.

Neste sentido, para o Goberno galego, é fundamental potenciar unhas cuestións tan fundamentais como a participación da cidadanía, neste caso das mulleres que superan o 50% da nosa poboación, e a introdución da transversalidade de xénero no desenvolvemento da súas políticas sociais e económicas.

Desa maneira, o Consello Galego das Mulleres ten que ser unha canle imprescindible no asesoramento e colaboración proactiva coas Administracións Públicas, así como un pilar fundamental no desenvolvemento do principio de igualdade e da corresponsabilidade entre as mulleres e os homes."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García




Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 60027**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Lage Tuñas, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da redución da partida orzamentaria destinada a sufragar as retribucións dos capeláns existentes nos hospitais públicos de Galicia"**, (publicada no BOPG nº 421, do 2 de marzo de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Non está prevista a suspensión do convenio que existía co anterior Goberno nesta materia."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

- 2 SET. 2011

693X

RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 5ª- nº **60308**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e dona Beatriz Sestayo Doce, sobre **“as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para corrixir a situación que están a sufrir en Galicia as actuais ou potenciais persoas preceptoras da renda de inserción social, e a causa da demora no seu pagamento”**, (publicada no BOPG nº 421, do 2 de marzo de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“A información requirida nesta iniciativa xa foi ofrecida no Parlamento ao darlle resposta á pregunta número 60309 (do mesmo tema e autoría), na sesión plenaria celebrada o 12-13/04/2011. Remitímonos ao alí exposto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 5ª- nº **60504**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“os datos relativos ás axudas solicitadas e concedidas ao abeiro da Resolución do 26 de marzo de 2010, da Secretaría Xeral da Igualdade, para apoiar as mulleres que sofren violencia de xénero”**, (publicada no BOPG nº 421, do 2 de marzo de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de** , que ten o seguinte contido:

“O número de solicitudes recibidas no ano 2010 ao abeiro desta resolución foi de 419.

O número de axudas finalmente concedidas ao abeiro desta resolución no ano 2010 foi de 369.

As axudas concedidas no ano 2010 que ao abeiro desta resolución se corresponden co nivel de renda igual ou inferior ao IPREM é de 262.

As axudas concedidas no ano 2010 ao abeiro desta resolución que se corresponden co nivel de renda superior ao IPREM e igual ou inferior ao dobre do IPREM é de 76.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

As axudas concedidas no ano 2010 ao abeiro desta resolución que se corresponden co nivel de renda comprendido entre o dobre e o triplo do IPREM é de 31.

O número de mulleres con discapacidade que foron beneficiarias desta axuda ao abeiro desta resolución no ano 2010 foi de 22.

A porcentaxe das solicitantes que tiñan fillos ou fillas a cargo e a media de fillos ou fillas a cargo que ten as beneficiarias destas axudas no ano 2010 foi de 63,9% e 1,04% respectivamente."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 60519**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos Ignacio Aymerich Cano e dona Ana Luisa Bouza Santiago, sobre **"a consulta de pediatría no Centro de Saúde de Cee, a falta de substitucións de persoal facultativo en atención primaria e as previsións do Goberno galego ao respecto"**, (publicada no BOPG nº 421, do 2 de marzo de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Na área de Atención Primaria correspondente ao concello de Cee a cobertura da atención pediátrica préstase a través dun especialista do Hospital Virxe da Xunqueira, dada a situación xerada pola inexistencia de pediatras dispoñibles nas listas de contratación, polo que non se fai posible cubrir a ausencia do titular polo procedemento ordinario.

O número de especialistas en Pediatría co que conta un Servizo de Atención Primaria establécese en función dos ratios de poboación infantil adscrito ao concello de cobertura, e en base a ese criterio creáronse as prazas de especialistas en pediatría das que dispoñemos na Área Sanitaria da Coruña.



Na actualidade as vacantes nesta Área Sanitaria de especialistas en pediatría foron ofertadas no concurso de traslados e/ou na oferta de emprego público para o persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde que está a punto de rematar. En concreto a praza de pediatría do Centro de Saúde de Cee, mediante Resolución do 18 de marzo de 2011, da Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, *pola que se aproba a relación de prazas que se ofrecen e se cita para o acto de elección de destino aos aspirantes seleccionados no proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde*, foi ofertada o pasado 26 de marzo de 2011 e adxudicada.

A falta de facultativos de medicina de familia e pediatría en situación de desemprego dificulta neste momento a súa contratación, polo que dende esta Xerencia inténtase facer unha distribución dos recursos humanos dos que dispoñemos o máis equitativa posible, e baseada en cotas de poboación adscrita a cada centro de saúde, utilizando os recursos dos que dispoñemos alí onde son máis necesarios.

Os recursos sanitarios a nivel de Atención Primaria no concello de Cee préstanse no Centro de Saúde de Cee que atende a unha poboación de 8.205 cidadáns con tarxeta sanitaria no concello. Trátase dun centro con dependencia patrimonial Municipal. Nestes últimos anos foron incorporándose novos profesionais e novas prestacións ao centro de saúde, polo que se foron realizando algunha melloras no edificio.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 60926**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago, sobre **“os posibles efectos na voluntariedade da colexiación do persoal sanitario que presta servizos no Sergas de maneira exclusiva da suspensión do artigo 3 da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior”**, (publicada no BOPG nº 427, do 10 de marzo de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Pleno do Tribunal Constitucional, o 12 de abril de 2011, acordou levantar a suspensión de distintos artigos, entre os que se atopaba o indicado artigo 3.”



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- nº **60929**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Lage Tuñas, sobre **"os trámites administrativos para o nomeamento de dous postos de altos cargos do Sergas"**, (publicada no BOPG nº 427, do 10 de marzo de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Os postos na Administracións desempeñanse, non se ocupan. Os postos aos que fai referencia non son altos cargos. É a Lei de Saúde de Galicia 8/2008 a que rexe a organización do Sergas. A orde de servizo é unha figura administrativa que recolle a normativa vixente."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 60946**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **"o atraso e os prazos previstos para o inicio da construción e posta en funcionamento dos centros de saúde de Galeras e de Conxo, no concello de Santiago de Compostela, así como sobre o sistema de financiamento previsto"**, (publicada no BOPG nº 427, do 10 de marzo de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Os centros de saúde de Conxo e Galeras están incluídos no conxunto de centros que se van construír, dos que se iniciou a tramitación no ano 2010, coa publicación do estudo de viabilidade."



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 5ª- nº **61080**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e don Modesto Pose Mesura, sobre **“as instalacións deportivas das distintas administracións galegas que dispoñen na actualidade dun desfibrilador automático, o persoal encargado do seu funcionamento e a súa formación”**, (publicada no BOPG nº 427, do 10 de marzo de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Fundación Pública urxencias Sanitarias de Galicia-061 (FPUS-061) é a institución encargada da autorización e rexistro de desfibriladores semiautomáticos para o seu uso por persoal non médico, segundo o Decreto 99/2005.

A día de hoxe, dispoñen de desfibrilador semiautomático (DESA), autorizado e inscrito no rexistro da Fundación as seguintes instalacións deportivas:

- Piscina Multiusos Sar
- Multiusos do Sar – recepción
- Multiusos Santa Isabel
- Club del Mar de San Amaro
- Termaria



- Complexo Deportivo Rías do Sur
- Centro Deportivo Municipal San Diego
- Piscina Municipal de Riazor
- Piscina Municipal de Rianxo
- Pabellón Polideportivo Concello de Burela
- Club Deportivo Torre
- Pavillón Multiusos da Xunqueira de Pontevedra
- Pavillón Municipal de Deportes de Pontevedra
- Campo de herba sintética 1 (Pontevedra)
- Piscina Municipal de Vilagarcía
- Piscina USC
- Polideportivo Santa Icía
- Polideportivo As Lagoas
- Polideportivo A Gándara
- Campo de Fútbol Canabal Narón
- Campo de Fútbol Rioseco Narón

Así mesmo, teñen iniciado o proceso de tramitación da autorización para o seu uso, as seguintes instalacións deportivas:

- Piscina Municipal de Oleiros
- Concello de Carballo. Patronato Municipal
- Pavillón de Deportes UDC
- Gimnasio Aqualife (Lugo)
- Club Deportivo Lugo
- Club Fluvial Lugo
- Mondariz Balneario
- Federación Galega de Actividades Subacuáticas

En caso de ser necesario o seu uso por darse unha situación de parada cardiorrespiratoria (PCR), a persoa encargada de utilizalo é a persoa, formada no seu uso, é dicir, con coñecementos de reanimación cardiopulmonar (RCP) con DESA, que nese momento estea presente no lugar.



A inscrición no rexistro DESA da FPUS-061, de acordo coa lexislación vixente, compromete á entidade propietaria do dispositivo na aplicación correcta do protocolo de actuación ante un caso de parada cardiorrespiratoria asistido con DESA (CODIGO 3). Os puntos básicos do protocolo son:

1. Comunicación á Central de Coordinación da FPUS-061 (CCUS), a existencia dun Código 3.
2. Aplicación da guía de actuación correspondente a esta situación tal e como se especifica nos cursos de formación. A FPUS-061 comprométese a notificar ás institucións incluídas dentro do rexistro os cambios xurdidos nos protocolos de actuación, sendo responsabilidade do usuario a actualización necesaria do software de configuración para adecuarse a ditos protocolos.
3. Cumplimentación da folla de datos, estilo Utstein, facilitada pola FPUS-061 e que xunto ao arquivo informático do caso, remitirase á mesma, o antes posible.
4. Facilitar o seguimento do caso polo médico instrutor da FPUS-061 designado que poderá solicitar mais datos polo caso ou entrevistarse cos intervinientes se fose preciso.
5. Os participantes na actuación poden solicitar do médico instrutor, a visualización e revisión do caso.
6. Comunicar á FPUS-061 as incidencias que se produzan.

Polo tanto, todas actuacións, no caso de que sexan necesarias, serán realizadas por unha persoa formada no uso do desfibrilador, e supervisadas polo 061.



O 061 verifica que todas as persoas que as institucións comunican como posibles usuarios cumpran os requisitos de formación establecidos no Decreto 99/2005. Esta formación inclúe coñecementos de reanimación cardiopulmonar e manexo no uso do DESA, ten 9 horas de duración, e pode ser impartido polo 061 ou calquera entidade formativa autorizada.

A reciclaxe periódica é bianual.


Todas as recomendacións internacionais (revisadas e actualizadas en 2010) insisten na importancia da aplicación correcta da reanimación cardiopulmonar básica polas testemuñas no caso dun paro cardíaco, xa que é unha das actuacións que ten demostrada a súa eficacia no aumento da supervivencia nestes casos, polo que a recomendación de realizar reciclaxes sigue vixente.

O 061 foi pioneiro en regular e recomendar a formación e a reciclaxe do persoal que usa estes desfibriladores, permitindo que durante estes anos a poboación galega teña acceso a desfibrilación segundo os estándares internacionais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 61102**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Henrique Viéitez Alonso e varios/as deputados/as máis, sobre **"a situación derivada da posible demora no pagamento da nómina do mes de febreiro de 2011 ao persoal do Hospital Povisa de Vigo"**, (publicada no BOPG nº 427, do 10 de marzo de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Povisa, como calquera provedor do Sergas, ten a obriga de xustificar os pagos. Unha vez que Povisa enviou a documentación correspondente, o Sergas ordenou a transferencia.

O Sergas cumpre cos pagos a Povisa e faíno cunha fórmula regradada e pactada por contrato dende hai 10 anos.

O Sergas liquidou o mes de xaneiro a Povisa nada máis recibir a documentación correspondente, seguindo a recomendación da Asesoría Xurídica, segundo as condicións recollidas no contrato do ano 2000 que segue vixente.




O Sergas mantén o seu obxectivo prioritario de renovar o concerto con Povisa a fin de garantir a asistencia sanitaria aos cidadáns que tiñan a finais do 2010 a este Centro como referencia.

Neste momento séguese negociando un novo concerto co hospital POVISA no que se garante a súa permanencia segundo o acordo asinado por todas as centrais sindicais e a administración no ano 2006."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



